

BANDO MUNICIPAL DE URXENCIA

ALCALDE DO CONCELLO DE FERROL

Co obxecto de previr calquera situación de emerxencia e en base a alerta meteorolóxica que para o día 21 de decembro do 2019 establecen todas as axencias meteorolóxicas e activa o 112 Galicia co seguinte horario establecido por AEMET:

- Alerta vermella por fenómenos costeiros o día 21 de decembro entre as 18.00 horas e as 12.00 horas dos día 22 de decembro.
- Alerta vermella por vento o día 21 de decembro entre as 15.00 horas e as 04.00 horas do día 22 de decembro.

FAGO SABER

PRIMERO.- Quedan suspendidas todas as actividades culturais e deportivas dependentes do Concello durante o período de alerta vermella (sábado dende as 14.00 horas).

SEGUNDO.- Procederase ao peche do Cemiterio Municipal durante a tarde do día 21 de decembro do 2019.

TERCEIRO.- Quedan pechadas ao público a seguintes instalacións Municipais a partir das 14.00 horas:

- a. FIMO.
- b. Pavillóns deportivos.
- c. Pistas deportivas.

TERCEIRO.- Serán encintadas e impedirase o acceso as seguintes zonas dende as 14.00 horas do sábado 21:

- a. Parque Municipal Raíña Sofía.
- b. Alameda do Cantón.
- c. Parque Municipal Cantón Vello (comunmente coñecido como cinceiro).

CUARTO.- Procederáse ao peche á circulación das rúas circundantes a Praza de Amboage a partir das 14.00 horas:

- a. Rúa María entre Méndez Núñez e Arce.
- b. Rúa Arce dende rúa do Sol.
- c. Rúa Real dende a rúa San Diego.
- d. Rúa Méndez Núñez dende rúa Magdalena.

QUINTO.- As infraccións a este bando serán sancionadas en base ao disposto na Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da Seguridade Cidadá.

Ferrol, 20 de decembro do 2019.

O ALCALDE, ÁNGEL MATO ESCALONA